
Fraxinus excelsior L., 1753

freixo común, f. branco, mañizas, pulleiro
fresno real, f. común, f. de Bizkaia, f. de hoja ancha,
lizar arrunt, lizar hostotxiki, lizarra
freixe de fulla grossa, freixe comú, freixe de fulla ampla
common ash
freixo vulgar



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Lamiales**	**Oleaceae**	***Fraxinus***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia e polígama, de 15-30 m de altura, cun tronco recto e cilíndrico con codia inicialmente lisa e agrisada, que se volve áspera e gretada lonxitudinalmente coa idade, e unha copa estendida, escasamente ramificada pero densa, con pólas lenticeladas verdosas, glabras; xemas ovoides, grosas, denegridas e aveludadas, as apicais máis grandes cás laterais. Follas opostas, imparipinnada. A semente ten unha á en case toda a súa circunferencia para facilitar a dispersión polo vento (sámaras).

HÁBITAT

Medra en bosques mixtos e nas ribeiras dos ríos. Prefire a luz solar moderada sendo menos común na sombra profunda.

DISTRIBUCIÓN

Esténdese por case toda Europa, chegando ata o Cáucaso e Asia menor.

CURIOSIDADES

A súa madeira é elástica e forte, úsase en mangos de ferramentas, carpintería e torneado, e constitúe un bo combustible.